

DIVERSIDADE AFECTIVA E SEXUAL NA AULA



SECUNDARIA

www.stegsindicato.org

Actividades
para trabalhar a
diversidade afectiva
e sexual na aula



ACTIVIDADE 1

COMEZAMOS POR ALGO MUSICAL

AS CANCIÓNS COMO MATERIAL DE TRABALLO DA DIVERSIDADE SEXUAL NA AULA

LILLY ALLEN: FUCK YOU

Actividade para idades entre **14 e 18 anos**.

Antes da audición: mostrar carátula, ou vídeo sen voz. Preguntar que lles suxire.

AUDICIÓN FICHA TÉCNICA

Título da canción: Fuck you (Vai á merda).

Autor/a: Lilly Allen

Grupo e/ou músicas/os que participan:

Nome do disco no que está:

Estilo:

Carácter da obra: enérxico, plácido, relaxado, humorístico, axitado...

Específico Diversidade sexual (LGBT):

- Hai transgresión de roles de xénero?
- Define os seguintes conceptos: andrónimo/a, bisexual, ambiguo/a, liberdade sexual, pracer,
- Como son as persoas que aparecen nete vídeo clip?
- Evolución das iconas da música LGBT: desde Elton John até Hotel Tokio
- O orgullo gay. Porque este termo? Que quere dicir? Poríalo en relación coa canción? Cando se celebra o día do orgullo? Sabes porque? Que imaxe tes dese día?

ACTIVIDADES

- Cantar a canción en grupo
- Performance, baile coa canción
- Inglés: traballar o vocabulario, argot. Exercicio de Fill in the gaps.
- Traballo sobre o LGBT e a homofobia. Casos recentes (casos de homofobia cercanos, o matrimonio homosexual, as marchas do orgullo do 28 de xuño...). Pódese buscar información na páxina web: <http://www.dosmanzanas.com/>

LIGAZÓNS:

En español: http://www.youtube.com/watch?v=IXip4AGz_es

En portugués: <http://www.youtube.com/watch?v=EoecZi-BGDE&feature=related>

ACTIVIDADE 2

SOBRE ESTEREOTIPOS E LIBERDADES

Anuncio portugués contra a homofobia

Actividade para idades entre **12 e 18 anos**.

Este curto e simpático vídeo pode provocar uns sans sorrisos para quitarlle ferro ao debate da liberdade e os estereotipos. E de paso ver que outro mundo é posíbel. Só hai que imaxinalo.

FICHA TÉCNICA

Asunto: Campanha antridiscrimaçom. Ano: 2005

Promotor: ILGa-Portugal (International Lesbian and Gay Association)

Duración: 30 segundos

ACTIVIDADES

- Que lles sorprende do anuncio?
- Entablar un debate sobre os estereotipos e a liberdade.
- Intentar facer un pequeno guión de outra situación similar.

LIGAZÓN

<http://www.youtube.com/watch?v=fjlOeJa75S0&feature=relate>



ACTIVIDADE 3

DARLLE A VOLTA AO CALCETÍN

Cuestionario "Darlle volta ao calcetín"

Actividade para idades entre **14 e 18 anos**.

Ensinarlles o cuestionario e despois da súa lectura comezar un debate sobre a diversidade sexual.

1. Cando descubriches a túa heterosexualidade?

* De sempre. * Na miña adolescencia. * Hai pouco. * Aínda non o valorei.

2. Custouche moito aceptar que o es?

* Si, aínda me custa. * Un pouco. * En realidade estou encantado.

3. Coñeces casos similares?

* Si. * Non. * Non o sei. A xente non fala desas cousas.

4. Pensas contarlle aos teus pais ou titores?

* Si, supoño, e penso que me entenderán. Son moi abertos.
* Non, nunca lles contaría algo así.
* Penso que lles custaría moito aceptalo. A súa educación é moi tradicional.
* Xa o fixen.

5. E ás túas amizades?

* Si, supoño e penso que o entenderán, xa que algúns deles tamén son heterosexuais.
* Non, nunca lles contaría algo así.
* Supoño que lles custaría aceptalo.
* Xa o compartín con eles.

6. Sentícheste algunha vez discriminado/a por ser heterosexual?

* Algunhas veces. * Si, continuamente. * Non. * No, porque oculto o que son.

7. Cantas veces fostes a un psicólogo/a para que te axude a aceptarte ou te faga deixar de ser heterosexual?

* Moitas. * Teño medo a que nin el me entenda.
* Estou en tratamento. * Non, non fun por este "problema".

8. Cres que unha parella de distinto sexo pode formar unha familia e educar fillos sen que sexa un trauma para eles?

* Sí. * Non. * Depende; porque, hai cada pai e nai!

9. Que sentes cando oes a expresión: "heterosexual de merda" ou as continuas bromas e chistes gratuítos ao respecto?

* Dóeme e gustaríame desaparecer.
* Mentres non mo digan a min...
* É que realmente os heterosexuais somos así.
* Deféndome abertamente e defendo aos que son coma min.

ACTIVIDADE 4

CONTRA OS ESTEREOTIPOS

Introdución

Do amor entre mulleres sábese de sempre. Porén, as lesbianas non existiron nunca. Mentras que os homosexuais comezan a ver desterrada a imaxe colectiva que os convertía en perigosos sociais, as lesbianas permanecen fóra da vida pública, relegadas ao desgastado imaxinario de mulleres raras ou indesexabeis.

Desde o 2008 adícase o 26 de abril ó día da visibilidadelésbica. Trátase de evidenciar a existencia de vidas afectivas diversas e plurais cuxas protagonistas, mais ou menos recoñecidas socialmente, con maior ou menor éxito profesional, artístico, deportivo, etc, son mulleres que aman a outras mulleres.

A ausencia de liberdade das propias mulleres e a negación dunha sexualidade feminina autónoma explican, xunto con outros motivos, o ocultamento secular das relacións de amor entre mulleres. As relaciónslésbicas non se chegaron a tomar en serio, pois non deixaban de ser unha cousa de mulleres, unha cousa de 2ª.

Do mesmo xeito que todo o que vai ligado ao universo feminino se inferiorizou ou desvalorizou, as relacións sexuais entre dúas mulleres foron consideradas como un xogo, unha sexualidade incompleta e inmadura, unha sexualidade tamén de 2ª.


Ese ocultamento do feito lesbiano favoreceu o seu completo descoñecemento e en paralelo, a creación dunha mitoloxía fundamentada en: ideas preconcebidas, tópicos e estereotipos.

Queremos defender unha educación pública onde a diversidade persoal e social sexa recoñecida e nunca ocultada.

Queremos que o sistema educativo recolla nos currículos a variedade de opcións sexuais.

Necesitamos que a comunidade educativa rompa con ese silencio que fai dalgunha das persoas que sen dúbida a integran, seres invisibles e mesmo inexistentes.

Necesitamos que a comunidade educativa se achegue ao coñecemento do mundo afectivolésbico: sen tópicos, sen medos e sen prexuízos.



La Tortilleria Blog

ACTIVIDADE 4

CONTRA OS ESTEREOTIPOS (E 2)

Traballo: analizar un vídeo como documento de estudio

<http://www.youtube.com/watch?v=wIGPRsseaK8>

Tema: cousas que nunca lle deberías dicir a unha lesbiana

Actividade para idades entre **16 e 18 anos (e máis...)**.

OBXECTIVOS

- 1- Maior coñecemento da diversidade de opcións sexuais
- 2- Romper cos tópicos ou simples ideas preconcebidas sobre o lesbianismo
- 3- Visibilización das persoas lesbianas

ACTIVIDADES

1º. Antes de proxectar o vídeo:

A- Como indentificas ti a unha lesbiana?

-físico

-comportamento

B- Utiliza 5 adxectivos cos que describirías a unha muller lesbiana

2º. Proxección do vídeo (4 minutos e medio):

3º. Analizar o que se viu e escoitou

- De que fala o vídeo?

- Que é o que á rapaza non se lle debe preguntar?

- Repasa os teus elementos identificadores dunha lesbiana e comproba se ti tamén preguntarías o que nunca se lle debe preguntar.

4º. Visionar outros vídeos onde aparezan unha diversidade de mulleres lesbianas.

5º. Conclusións

-valoración persoal

-que te suxeriron os vídeos

-reflexión sobre o tema tratado



ACTIVIDADE 5

ANALIZAR UN CARTAZ E BUSCAR INFORMACIÓN

Actividade para idades entre **14 e 18 anos**.

Observar o **cartel** e contestar as seguintes preguntas:

- * Sobre que trata o cartel? Que cres que quere?
 - * Que actividades propón? En que cidade?
 - * Non sabes o significado de algunha das palabras do cartel?
 - * Que significa o símbolo que aparece no cartel?
- * Intentade entre toda a clase explicar o que quere dicir o título da mesa redonda.

* Despois podeades buscar información en Internet e en libros sobre lesbianas famosas.

Escollede cando menos algún dos seguintes dedicacións:

- Escritora.
- Deportista.
- Actriz.
- Política.
- Cantante.

* Despois facede o mesmo con personaxes gays e transexuais.



26 de abril
VISIBILIDADE LÉSBICA

Concentración
ás 19h fronte o Mercado do Calvario

Mesa redonda:
"Lesbofobia no ámbito educativo e laboral"

ás 20h no C.S. LUME!
(Alcalde Gregorio Espino nº55)

Relatoras:
Isabel Quinteiros
Tereixa Dacosta
Montserrat Gil

NÓS MESMAS

Lume!
RUA GREGÓRIO ESPINO 55

ACTIVIDADE 6

DIFERENTES TIPOS DE FAMILIA

Traballo: analizar un vídeo como documento de estudio

<http://www.rtve.es/alacarta/videos/informe-semanal/informe-semanal-familias-sin-complejos/1396015/>

Tema: diversidade familiar. Unha reportaxe de Informe Semanal.

Actividade para idades **entre 14 e 18 anos (e máis...)**.

OBXECTIVOS

- 1- Maior coñecemento da diversidade familiar
- 2- Romper cos tópicos ou simples ideas preconcebidas sobre as familias homoparentais
- 3- Visibilización das familias homoparentais

ACTIVIDADES

- 1º. Antes de proxectar o vídeo:
 - Como identificas unha familia homoparental?
 - Que quererá dicir o título da reportaxe?
- 2º. Proxección do vídeo (15 minutos):
- 3º. Analizar o que se viu e escoitou
 - De que fala o vídeo?
 - Todos os que interveñen no vídeo están a favor das familias homoparentais?
 - Repasa os teus elementos identificadores dunha familia homoparental e revísaos contrastándoo coa reportaxe vista.
 - Unha vez visionada a reportaxe como ves o título da mesma.
- 4º. Visionar outros vídeos onde aparezan a diversidade familiar.
- 5º. Conclusións
 - valoración persoal
 - que te suxeriron os vídeos
 - reflexión sobre o tema tratado



2º ENCUENTRO EUROPEO DE FAMILIAS LGTB
somos motor de cambio social

28 de abril - 1 de mayo 2012